

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 13 DE FEBREIRO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trece de febreiro de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente a Secretaria Dona Patricia Hernández Estévez e o Interventor acctal. Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 7 de Febreiro do dous mil seis (Ordinaria).

### **2.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.**

#### LICENZA DEFINITIVA

“Visto o expediente tramitado a instancia de **don Manuel Durán Raña**, con domicilio en San Cristovo, nº 13, desta vila, para apertura de Café-Bar-Bodegón en San Cristovo, nº 13, desta vila.

Cumpridos os trámites e requisitos esixidos polo Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de Novembro de 1.961 e disposicións complementarias, para apertura de local para Café-Bar-Bodegón en San Cristovo, nº 13, desta vila, para cuxa actividade foi concedida Licenza Provisional por acordo da Xunta de Goberno Local con data 29.08.05, e unha vez presentado certificado de fin de obra, con informe favorable do técnico municipal de data 17.08.05, constando informe favorable da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade de data 19.01.06, tras a realización da correspondente visita de comprobación.

A Xunta de Goberno Local, en uso das facultades delegadas pola Alcaldía, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Conceder Licenza definitiva a don Manuel Durán Raña para a apertura e funcionamento da actividade de Café-Bar-Bodegón en San Cristovo, nº 13, desta vila, cuxa eficacia será nula en tanto en canto non se aboe a correspondente taxa pola

apertura de establecementos que ascende, segundo liquidación practicada polo Interventor do Concello, a contía de 86,80 euros. O interesado deberá proceder a formalización da cesión dos terreos frontais na contía e extensión que se deriva do plano do Estudo de Detalle y E 1: 500, segundo o disposto no informe técnico de 17.08.05 (axúntase copia do plano).

Segundo.- A expedición da correspondente licenza pola Secretaría do Concello, que servirá ao interesado como documentos acreditativo desta concesión.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ao interesado.”

### **CONCESIÓN DA LICENZA PROVISIONAL**

“Visto o expediente instruído a instancia de **don Miguel Dávila Álvarez**, con domicilio na Avda. De Redondela, nº 4-3ºH, desta vila, no que solicita a regulamentaria licenza municipal para apertura de Clínica de Fisioterapia no inmovible sito na rúa Porta Nova de Arriba, nº 30-baixo, desta vila, e

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos, o informe da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e o da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), este Organismo, con data 1 de febreiro de 2006, informa en sentido favorable, cualificando dita actividade como MOLESTA, informando favorablemente o proxecto da devandita actividade condicionado ao cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto e na memoria presentados, e a normativa seguinte: a) á comprobación posterior, mediante certificación de medición de rúidos, na que se acredite o cumprimento da normativa vixente en materia de protección contra a contaminación acústica; b) Lei 10/1998, de 21 de abril, de Residuos (B.O.E. nº 96 do 22-04-98); Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia (D.O.G. nº 168 do 2-09-979); c) se xestionen axeitadamente os residuos urbanos tendo en conta a recollida selectiva de lixo; d) se xestionen adecuadamente os residuos de construción e/ou demolición; e) á aportación e cumprimento das autorizacións sectoriais pertinentes.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non é desconforme co planeamento urbanístico axustado á zona.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

CONSIDERANDO: Que é da competencia da Xunta de Goberno Local, en virtude de delegación da Alcaldía a concesión da licenza solicitada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **ACORDA A CONCESIÓN PROVISIONAL DA LICENZA** que se solicita, debendo cumprir as observacións e medidas correctoras que constan no proxecto presentado e sinaladas pola Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, **debendo solicitar licenza definitiva de apertura e funcionamento**, aportando as autorizacións sectoriais pertinentes, para o que será indispensable que se levante Acta de comprobación que o interesado deberá solicitar a este Concello, indicando o día e hora, a cal deberá ser favorable, acompañando á

petición certificado do técnico director das obras ou instalacións que nel se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza; debendo de ingresarse previamente nas arcas municipais a cantidade á que ascenden as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Intervención Municipal.”

### 3.- OBRAS MAIORES.

#### LICENZAS OBRAS MAIORES.-

“Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

#### **1.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

**Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.**

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o

outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

**EXPTE. Nº: RIB/N/73.3/05.**

A **MIGUEL DÁVILA ÁLVAREZ**, con D.N.I. 76.711.127-D e con domicilio na Avda. De Redondela, nº 4, 3º H, desta vila, para levar a cabo as obras de adaptación de local para clínica de fisioterapia na rúa Porta Nova de Arriba, nº 30-baixo, desta vila, que se realizarán segundo o proxecto e anexos redactados polo arquitecto técnico don Amando Canitrot Pérez.

**2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** adaptación de local para clínica de fisioterapia.

**Contía na que se orzan as obras:** 32.444,70 euros.

**Situación e emprazamento das obras:** Rúa Porta Nova de Arriba, nº 30-baixo.

**Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras:** D. Amando Canitrot Pérez.

**Nome ou razón social do promotor:** Miguel Dávila Álvarez.

**Prazos:** O prazo de inicio das obras é de un (1) mes e o prazo de remate de un (1) ano, a contar dende o día seguinte ao de notificación da concesión da Licenza de obras.

**Liquidación do ICIO:** A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento da obra, que ascende a 32.444,70 euros, practícase polo Interventor municipal a liquidación aos efectos do Imposto de construcións, instalacións e obras desta licenza, o cal importe ascende a 843,56 euros, cantidade que xa foi aboada no momento da solicitude da licenza o día 30.08.05, por transferencia.

**Outras condicións:** Mantemento do oco central de fachada segundo informe da arquitecta da Oficina do PEPRI de data 07.02.06.”

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle aprobación ao Plan de Seguridade e Saúde para obras e instalacións, presentado pola empresa Aqualia, S.A. adxudicataria da obra Saneamento en Santo André e A Quinza, plan que se atopa informado favorablemente polo coordinador de Seguridade e Saúde, don Angel M. Roncero Diez.”

**4.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

“Visto o escrito de **dona Concepción e dona Mª Isabel Fernández**, de data 09.02.06, con domicilio en rúa Porta Nova de Abaixo, nº 22, desta vila, co que acompañan acreditación do pago do último recibo, e no que interesan o cambio de titularidade ao seu favor da sepultura con código 45 T do cemiterio de Ribadavia que figura a nome do seu pai don Antonio Fernández Martínez, por falecemento do mesmo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, tendo en conta a documentación presentada, acorda acceder ao solicitado, polo que a partir de presente data

o recibo correspondente á sepultura xirarase a nome de dona Concepción e dona M<sup>a</sup> Isabel Fernández, agora ben, este cambio de titularidade non suporá nunca dereito de propiedade de ningún tipo sobre o sepultura en cuestión.”

## **5.- ESCRITOS OFICIAIS.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

“Escrito da Confederación Hidrográfica do Norte de data 27.01.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 13.02.06, no que se comunica a resolución adoptada polo Comisario de Augas en relación ao expediente de aproveitamento de 0,14 l/sg. De auga procedente do regato Fondo de Vila, en Santo André, termo municipal de Ribadavia, con destino a rego, sendo a peticionaria dona Francisca Covelo Gómez.”

“Escrito da Confederación Hidrográfica do Norte de data 27.01.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 13.02.06, no que se comunica a resolución adoptada polo Comisario de Augas en relación ao expediente de aproveitamento de 0,20 l/sg. De auga a derivar do río Avia en San Cristovo, termo municipal de Ribadavia, con destino a rego, sendo o peticionario don Manuel Centrón González.”

“Escrito da Confederación Hidrográfica do Norte, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 08.02.06, no que se require ao Concello para que no prazo dun mes contado a partir do recibo do escrito presente declaración de vertido nos modelos oficiais aprobados por Orden MAM 1873/2004, de 2 de xuño (BOE de 18 de xuño).”

“Escrito do Concello de Cenlle de data 08.02.06, con entrada no rexistro do Concello o día 09.02.06, polo que se comunica a aprobación inicial do PXOM, e se achega CD contendo o mesmo en virtude do artigo 85 da Lei 9/2002.”

“Escrito do Valedor do Pobo de data 07.02.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 09.02.06, polo que se solicita que con urxencia se facilite aclaración dunha serie de extremos en relación co expediente de queixa C.6.Q/24/05.”

“Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte de 03.02.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 09.02.06, polo que, en relación co proxecto básico e de execución de actuación para mellora da accesibilidade na rúa Banda La Lira, se solicita remisión de proxecto de actuación arqueolóxica.”

“Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (Servizo de Urbanismo e I.T.), de data 06.02.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 09.02.06, polo que se comunica auto aclaratorio da sentenza recaída no recurso nº 03/0008835/2000, contra acordo de 19.09.2000, resolutorio do

xustiprezo da finca nº 253, propiedade de don Manuel Fernández Deaño, afectada pola obra “parque empresarial de Ribadavia”, polígono 1.”

“Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (Servizo de Urbanismo e I.T.), de data 06.02.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 09.02.06, polo que se achega sentenza recaída no proceso contencioso-administrativo nº 03/0008837/2000BC, da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza, interposto polo Consello da Xunta de Galiza contra acordo de 19.09.2000, resolutorio do xustiprezo da finca nº 309, propiedade de don Joaquín Fernández Deaño, afectada pola obra “parque empresarial de Ribadavia”, en cuxo fallo se estima en parte o recurso e anúlase o acordo na contía cifrada como indemnización por non atopala axustada ao ordenamento xurídico; contía que se establece na equivalente en euros a 5.023.928 ptas, á que se engade o 5% como premio de afección; desestimando o recurso no demais.”

#### **6.- CUESTIÓN ECONÓMICA.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda unha entrega a conta das aportacións deste Concello correspondente ao ano 2005 á Mancomunidade de Concello do Ribeiro, por importe de 50.000 euros.”

#### **7.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as tres do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.